



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

---Documento: CORRECCIÓN DE ERROS E ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 11 DE MAIO DE 2009

---Contrato: OBRAS DE "INICIATIVAS DE VALORIZACIÓN INTEGRAL DOS TERREOS PROPIEDAD DO CONCELLO DA ESTRADA".

--Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 11 DE MAIO DE 2009

Con data de 27 de febreiro de 2009 e corrección de erros de 2 de abril de 2009 se aprobou por Decreto de Alcaldía o Proxecto Técnico de obras de iniciativas de valorización integral dos terreos de propiedade da Estrada.

No devandito Proxecto figuraba un orzamento antes de aplicarlle o IVE de 60.000 euros; se recollía de IVE 4.200 euros (a pesares de que se dicía que o IVE, tal e como procede, era do 16 %; é dicir, había un evidente erro, pois o 16 % de 60.000 son 9.600 euros); e arrastrábase o erro no IVE ata o orzamento de execución por contrata, consignándose neste 64.200 euros, en lugar dos 69.600 que resultarían oportunos.

O mencionado erro arrastrouse tamén ós correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, e o seu Acordo aprobatorio do expediente de contratación (Acordo da Xunta de Goberno Local de 6 de abril de 2009), recollendo polo tanto tamén un orzamento de execución por contrata de 64.200 euros.

Seguiu desenvolvéndose o procedemento de contratación (negociado sen publicidade), cursándose invitación a 3 empresas (SETEGA INGENIERÍA SL, XESTORA DE MONTES VECIÑAIS SL e TRANSFORMACIONES GALICIA SL), das que só unha delas (XESTORA DE MONTES VECIÑAIS SL) formulou proposición.

Subsanada pola empresa a súa documentación administrativa, procedeuse por esta Concelleira á apertura do sobre coa oferta, e constatouse que na mesma se ofertaba a execución das obras sen IVE por 60.000 euros, engadíndose o 16 % de IVE (9.600 euros) e totalizando un orzamento de execución por contrata ofertado de 69.600 euros. En definitiva, a oferta era conforme (sen baixa ningunha) co que debera ter sido o tipo de licitación (o orzamento de execución por contrata) se non se producira o erro antes mencionado.

Foi precisamente a diferenza entre a oferta presentada e o orzamento de execución por contrata erroneamente consignado no Proxecto, Pregos e Acordo aprobatorio do expediente de contratación, o que fixo que esta Concellería se percatase do erro mencionado que se produciu no Proxecto e que se arrastrou ata o momento actual.

O Concello púxose en contacto coas outras dúas empresas ás que se lles cursara invitación, manifestándolles o erro cometido, e ámbalas dúas aportaron sendos escritos nos que sinalaban que, tanto se o orzamento de execución por contrata fora de 64.200 euros, como se fora de 69.600, non se atopan interesadas en formular proposición.

Finalmente, recabouse tamén informe da Tesourería do Concello de que XESTORA DE MONTES VECIÑAIS SL non ten débedas co Concello.

Á luz de todos estes antecedentes, e vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda punto 1 da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

1º.-Aproba-la corrección de erros do Proxecto Técnico de obras de iniciativas de valorización integral dos terreos de propiedade da Estrada, e o seu correspondente Decreto aprobatorio de 27 de febreiro de 2009 e corrección de erros de 2 de abril de 2009, de xeito que o orzamento antes de aplicarlle o IVE se mantén en 60.000 euros, o 16 % de IVE é de 9.600 euros, e o orzamento de execución por contrata é de 69.600 euros.

2º.-Aproba-la corrección de erros dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e o seu correspondente Acordo aprobatorio do expediente de contratación de 6 de abril de 2009, de xeito que o orzamento antes de aplicarlle o IVE se mantén en 60.000 euros, o 16 % de IVE é de 9.600 euros, e o orzamento de execución por contrata é de 69.600 euros.

3º.-Admiti-la oferta formulada por XESTORA DE MONTES VECIÑAIS SL no procedemento de contratación de obras de “Iniciativas de valorización integral dos terreos propiedade do Concello da Estrada”, e proceder á súa adxudicación provisional por importe de 69.600 euros incluído o IVE, con arranxo ó Proxecto, os Pregos e á súa oferta.

4º.-A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

---certificado de Axencia Tributaria Estatal de que se atopa ó corrente das súas obrigacións tributarias.

--- certificado de que se atopa ó corrente das súas obrigacións para coa Seguridade Social.

---xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

A Estrada 11 de maio de 2009.  
O ALCALDE EN FUNCIONES,

Asdo. Manuel Sanmartín Obelleiro